

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 20
SEMANAS 36-37-38/1988
(3 ó 24 de setembro)

XUNTA
DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Servicio Galego de Saúde

4 DE AGOSTO DE 1989


SIDA: SITUACIÓN MUNDIAL

Ata o 1 de xuño de 1989, un total de 157.191 casos de SIDA foron comunicados á Organización Mundial da Saúde, procedentes de 149 países. Deles, un 69% proceden de 43 países de América, 16% de 43 países africanos, 14% de 28 países europeos, e o restante 1%, de 31 países de Asia e Oceanía. Sen embargo, debido a que as declaracións son incompletas, estímase que o número real de casos de SIDA e ó redor de medio millón, máis de 3 veces o número comunicado.

CASOS DE SIDA COMUNICADOS E ESTIMADOS (1-6-89)			
Área	Casos comunicados	Países	Casos estimados
África	24.686	47	270.000
Américas	108.830	43	175.000
Asia	379	24	1.000
Europa	21.855	28	32.000
Oceanía	1.451	7	2.000
TOTAL	157.191	149	480.000

O número de novos casos de Sida está aumentando rapidamente: de 70.000 nos anos 1980-1985, a 300.000 entre 1986-1988 cunha estimación de 700.000 novos casos no período 1989-1991. Así, o número acumulativo de casos ó final de 1991 espérase que se dobre (ó redor de 1.100.000).

O incremento nos casos de Sida, reflexa a extensión da infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH). Ó principio desta década, segundo cálculos da Organización Mundial da Saúde (OMS), só 100.000 persoas estaban infectadas. Na actualidade, poden existir entre 5 e 10 millóns de persoas portadoras do virus. Considerando a cifra máis conservadora, 5 millóns, ó redor de 2,5 millóns dos infectados encontrárianse en África, 2 millóns en América, 500.000 en Europa e preto de 100.000 entre Asia e Oceanía.



Na década do 1990 calcúlase que terán lugar 3 veces máis infeccións das que ocorreron ó longo da década anterior. Ademais, calcúlase que os casos de SIDA multiplicaranse por 9, e a metade dos mesmos produciranse en individuos infectados durante a década de 1980.

Situación en España: (31-3-89)

O número de casos de SIDA en España, segundo os datos do Plan Nacional, é ata a data indicada, 2718.

A distribución por Comunidades Autónomas, en función do número de habitantes, é a seguinte:

Comunidade Autónoma	N.º de casos confirmados	Casos/Millón de hab.
País Vasco	310	132,73
Baleares	94	125,92
Madrid	612	113,85
Cataluña	730	111,28
Navarra	35	65,14
A Rioxa	16	59,82
Ceuta	4	59,75
Valencia	237	58,43
Cantabria	30	55,28
Asturias	57	48,28
Aragón	51	41,50
Melilla	2	40,36
Andalucía	269	39,82
Canarias	51	32,96
Extremadura	25	24,88
Galicia	70	24,09
Castela-A Mancha	38	23,74
Castela-León	60	23,58
Descoñecido	32	
Outros países	26	
TOTAL	2.718	69,27

Situación do Sida en Galicia

Na Comunidade Autónoma galega, existen ata o 1 de xullo de 1989, 151 casos de Sida declarados. Destes, 76, un 50%, están pendentes de confirmación pola Comisión Nacional. O motivo deste incremento no número de casos recollidos pola Comunidade Autónoma é un cambio no sistema da vixilancia epidemiolóxica, que de agora en adiante, se fará en forma *ACTIVA*. Con este cambio, tentamos de conseguir unha información máis actualizada e obxectiva, da situación do SIDA en


Galicia, a pesar de que o problema da *declaración incompleta*, é un problema xeral a nivel mundial, como se explicaba nos primeiros parágrafos.

Características dos casos:

121 (80,13%), son *varóns* e 30 (19,86%), son *mulleres*.



A *idade media* é de 28,49 anos con un *rango* de 2-72 anos. A *mediana* e a *moda* son 27 e 28 anos respectivamente. (Gráfica 1).

DIAGRAMA DE DISPERSIÓN DA IDADE



Por *provincias*, a distribución dos casos é a seguinte:

Provincias	Número de casos	Casos/millón hab.
A Coruña	54	48,98
Lugo	12	30,05
Ourense	22	55,10
Pontevedra	58	65,58



ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANAS 36-37-38/1988

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FIEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE) GONOCÓCICA (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCION MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
1 CEDEIRA						2			1	14	7	141						18
2 ORTIGUEIRA									1	4	42	474			9			14
3 NARON									2	5	15	619			14			28
4 AS PONTES								4	8	11	1.519			15				4
5 FERROL						4			24		3.991			37				
6 FENE									3	22	589			3				16
7 PONTEDEUME						2			12	29	1.250			13			3	36
8 CEE					1	1			2	25	65	3.053	1	7		1	5	127
9 VIMIANZO									2		185			5		1		1
10 PONTECESO		1				1			10	34	3.111			1			1	49
11 CARBALLO						3		1	8	41	31	1.501	1	3		2	2	30
12 ARTEIXO									7		7			3				
13 A CORUÑA			2	5		16		3	1	16		6.402		57		10		45
14 CULLEREDO-O BURGO								3	4	37	23	694	1	12			11	109
15 OLEIROS									3	29	698			2		2	1	15
16 BETANZOS						2			3	56	10	2.687	7	10		2	2	56
17 SANTA COMBA									1	27	16	490		3			1	45
18 NEGREIRA							1	1		2	4	764	1	1			5	114
19 ORDES						1		1	6	95	154	3.357	1	5			2	147
20 CURTIS-TEIXEIRO										5	5	427		1			1	14
21 SANTIAGO		2		2	1	8		1	3	59	87	5.077	2	48		1		201
22 MELIDE										5		103						9
23 MUROS										3		789		6				8
24 NOIA						41	1	3	2	18	91	1.477		14		1	1	85
25 PADRON						7		2	1	28	39	1.430	2	14			1	96
26 BOIRO								1	1	4	19	875		3				57
27 RIBEIRA								2	1	4	42	990		9			2	17
28 A ESTRADA									1	7	71	1.361		12		1	2	19
29 LALIN							5	2	1	42	55	3.969		8		1		177
30 VILAGARCIA DE AROUSA				6				1	1	48	110	2.261	2	36		1		16
31 CALDAS DE REIS										7	14	423		4			1	34
32 VILANOVA DE AROUSA										1	2	952		6		1		6
33 CAMBADOS						1			1	3	81	1.843	3	21		5	2	50
34 O GROVE								3		10	19	446				1		19
35 SANXENXO						3		5	3	18	28	671	1	7		5	1	19
36 PONTEVEDRA			8	10			1	5	3	50	150	7.342	2	41		8	13	125
37 FORCAREI										13	346						1	23
38 MARIN						7			2	14	44	1.184	6	37				12
39 CANGAS								1		1	17	1.253		2			1	35
40 REDONDELA						2	3	10		3	13	1.200	5	82		1	2	12
41 VIGO			2	145		63		50	4	121	130	28.419	9	505		3	2	68
42 VAL MIÑOR-PANXON								3		4	17	921		6			3	45
43 PORRIÑO							1	5	1	9	2	917	4	23			1	18
44 PONTEAREAS									1	15		1.122		12		1		8
45 A CAÑIZA							1	1	1	6		967		1		1		10
46 A GUARDA							1	1	1	24	11	577		8				17
47 TUI							2	6	1	9	28	1.858		5		1	5	29
48 SALVATERRA DE MIÑO						1		1		1	22	511		10	1	1		2
49 VIVEIRO									1	15	21	890		7			1	3
50 CERVO-BURELA	1	1				7			1	16	13	866		4			3	29
51 MONDOÑEDO		3					1	3				837						39
52 RIBADEO						2		1		5	30	816	1	2		1	1	36
53 VILALBA		2				2				11	21	432				1	13	141
54 MEIRA		2				4		1	1	24	61	1.193		3			1	69
55 FONSAGRADA										4		448		2			3	78
56 GUITIRIZ									2	8	24	410		2				10
57 RABADE		3							3	7	9	705					1	21
58 LUGO		11		2		12	1	4		27	35	1.393	4	16		4	5	52
59 CASTROVERDE									1	7	4	356		3			1	24
60 PALAS DE REI		6				1				9	18	80	1	1			3	31
61 MONTERROSO												165					2	61
62 SARRIA		6								18	29	1.332		2		1	2	78
63 BECERREA		2						1	26	48	2.259		1			1	3	41
64 CHANTADA									3	40	36	2.278		22			4	249
65 MONFORTE DE LEMOS		4							1	25	7	205		11				25
66 QUIROGA									2	11		200	2	2				2
67 O BARCO		11				2		5	5	67	91	3.046		13			7	41
68 O CARBALLIÑO		2				1		2	2	22	48	2.913		20				53
69 RIBADAVIA		1							1	33	80	2.270	6	29			9	109
70 ORENSE		1				5		9	1	27	13	1.621	2	29	2	17	10	323
71 MACEDA	1	1		1						18		747		5			5	64
72 CASTRO-CALDELAS		1								14		850		1		1		14
73 A POBRA DE TRIVES		22						1		10	9	506		7		1	1	39
74 VIANA DO BOLO		5					1	1	8	23	57	786		7			7	126
75 CELANOVA		4				1			3	33	42	1.137		5				37
76 ALLARIZ		1							3	35	2	405		2				10
77 BANDE	1	1					1	3	1	39	30	836		1			1	11
78 XINZO DE LIMIA		1				1		1	16	107	38	1.395		10		2		33
79 VERIN	1	22						5	4	57	22	683	8	20			3	49
80 A GUDIÑA		15						1	1	5	18	365					1	4

A práctica de risco máis frecuentemente asociada ó SIDA en Galicia, é o uso de drogas por vía parenteral, seguindo o modelo do resto do estado español. En Europa, só Italia e España presentan


un predominio de casos entre adictos a drogas por vía parenteral. No resto dos países europeos, a homosexualidade continúa a se-la práctica de risco predominante entre os casos de SIDA.

DISTRIBUCIÓN DE CASOS (%), SEGUNDO A PRÁCTICA DE RISCO			
Práctica de risco	Europa (%)	España (%)	Galicia (%)
Homo-Bisexual	50	19	11
ADVP*	27	61	67
Homo-ADVP	2	3	1
Receptor Hemoderivados	3	6	7
Receptor sangue	4	1	2
FNFR*	2	3	1
Heterosexual	7	3	6
Outros/indeterminado	5	4	5

* FNFR: Fillo de nai con factor de risco

* ADVP: Adictos a drogas vía intravenosa

DISTRIBUCIÓN DOS CASOS POR PRÁCTICA DE RISCO



A gráfica representa a distribución dos casos en función das prácticas de risco.


Por provincias, a distribución dos casos segundo prácticas de risco é a seguinte:

P. risco	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outras	NC	TOTAL
Homo-B.	7	10	21	7	1	1	16
ADVP	34	10	21	34	2		101
Ho-ADVP	2						2
R. Hemod.	4		1	6			11
R. Sangue	1			2			3
FNFR				2			2
Heteros.	3	1		5			9
Outros/ind.	3	1		2		1	7
TOTAL	54	12	22	58	3	2	151

O diagnóstico máis frecuente é a candidiase esofáxica (N= 57), seguido pola tuberculose diseminada (N= 52).

A gráfica seguinte representa os diagnósticos de SIDA rexistrados.

CASOS DE SIDA SEGUNDO DIAGNÓSTICOS




147 dos casos de SIDA declarados, proceden de 13 Hospitais da nosa Comunidade Autónoma. Catro casos foron declarados en hospitais do resto do

Estado Español, e pertencen a persoas con residencia habitual en Galicia.

Presentamos agora a distribución de casos por hospitais.

CASOS DE SIDA DECLARADOS POR INSTITUCIÓNS



Comentarios

O incremento do número de casos de SIDA rexistrados dentro da nosa comunidade autónoma no segundo trimestre de 1989, non reflicta máis que un cambio no sistema de *VIXILANCIA EPI-DEMIOLÓXICA*, que se converte desde agora, nunha vixilancia epidemiolóxica *ACTIVA*. O obxectivo deste cambio é o de axiliza-la recollida de información, intentando que os datos estean o máis preto posible da realidade.

Só desta forma, coñecendo a magnitude do problema, pode ser posible unha boa *planificación no marco preventivo ou asistencial*. Neste sentido é fundamental a colaboración de tódolos profesionais sanitarios, xa que da información existente, dependerán as futuras accións contra o problema do SIDA e a infección polo VIH.

2.—En Galicia, o 66,88% dos casos de SIDA declarados, prodúcense entre usuarios de drogas por vía parenteral. Os problemas que se asocian ó SIDA ou á infección por VIH neste colectivo son os seguintes:

a) Debido a *marxinalidade*, asociada ó uso de drogas por vía parenteral, é *difícil que a información sobre as formas de transmisión do VIH chegue* ó usuario nunha forma eficaz. Por outra parte, *as prácticas consideradas de risco* (compartir xeringas sen desinfecta-lo material), *están fonda-mente arraigadas na vida do usuario de drogas*, e o cambio de pautas de comportamento sempre é difícil, incluso na presenza de información obxectiva e convincente. Así, *as campañas preventivas dirixidas a usuarios de drogas por vía parenteral*, chocan contra estes dous problemas, e a súa *eficacia é reducida*. Cando a infección por VIH se introduce entre un colectivo de drogadictos, a rapidez de diseminación está en función das características psicosociais dos usuarios de drogas, que determinarán en última instancia a realización de prácticas de risco.

b) Outro dos problemas asociados coa extensión da infección polo VIH entre usuarios de drogas por vía intravenosa, é o da *transmisión heterosexual*. Unha proporción moi elevada dos usuarios de drogas por vía parenteral, teñen hábitos heterosexuais. No caso de que presenten infección polo VIH, esta pode ser transmitida as súas parellas se non modifican o comportamento sexual.

Nunha sociedade cunha certa permisividade sexual, esta pode se-la vía para un incremento da transmisión heterosexual do VIH.

A eficacia da transmisión heterosexual do VIH bilateralmente (home-muller, muller-home), foi demostrada no patrón epidemiolóxico africano. É un modelo que non debemos seguir.

c) O terceiro problema asociado á infección polo VIH entre usuarios de drogas por vía parenteral é o da *transmisión perinatal*. No mundo occidental, os fillos de nais adictas a drogas por vía parenteral son os nenos máis afectados na actualidade polo VIH. Debido a que esta é outra vía de extensión da infección, é preciso recomendar ás persoas que puideran estar expostas ó virus na década dos oitenta, a *abstención do embarazo*. Ademais, débese ofrece-la posibilidade do *aborto terapéutico* no caso de mulleres infectadas polo VIH e que se presentan embarazadas.

3.—A provincia mais afectada polo SIDA é Pontevedra, con 65,58 casos por millón de habitantes, seguida por Ourense (55,10), A Coruña (48,98) e Lugo (30,05).

É importante destacar que o número total de casos declarados en Pontevedra e Lugo (58 e 12 respectivamente), é probablemente inferior ó número real, debido a que o sistema de comunicación con algún dos hospitais é aínda defectuoso. En calquera caso, é evidente que o problema existe e que hai que facerlle fronte desde agora mesmo, cunha colaboración de tódolos estamentos implicados. *O SIDA é un problema de todos.*

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE
Servicio Galego de Saúde

